

## ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA ÁS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

En cumprimento do disposto na Resolución do 10 de setembro de 2024, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares dos centros de educación non universitaria (DOG do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **UN** representante de nais, pais ou titores legais do alumnado.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro no presente curso e incluídos no **censo electoral** que está exposto no taboleiro electoral do vestíbulo do instituto.
3. A xunta electoral, en reunión do día 11 de novembro de 2024 **proclamou, unha vez presentados en tempo e forma, aos dous seguintes candidatos:**
  - D. Carlos Sánchez Carretero
  - D<sup>a</sup> Wendy Aline Vergara López
4. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizaouse en acto público, entre os pais/nais que non se presentaron como candidatos o 11 de novembro ás 10:10 horas. Dita mesa electoral estará formada pola Directora, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. A **campaña electoral** comprenderá do 14 ao 18 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
6. As **votacións** realizaranse o **19 de novembro**, de 17:00 a 19:00 horas. A mesa será constituída o mesmo día.
7. Cada elector fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da lista de candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
8. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

En Cambre, a 12 de novembro de 2024

A Presidenta da Xunta Electoral